



## INFORME sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural (Expte. MR-2024-005-M)

### ANTECEDENTES

#### Solicitud de informe

Esta dirección xeral recibe escrito da Secretaría Xeral Técnica solicitando informe sobre modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural.

Entre a documentación remitida consta a seguinte:

- Memorias funcional e económica
- Táboa de equivalencias
- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o 19.11.2024
- Anexo de postos amortizados, modificados e creados

O 09.07.2025 e o 17.09.2025 achegaron documentación e información complementaria.

Constan no expediente os informes da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de data 23.12.2024 e de data 17.09.2025, de conformidade co disposto no artigo 14.2.F do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27/05/2024).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

### INFORME

#### Primeiro. Estructura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes consellerías:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Consellería de Política Social e Igualdade.
- Consellería de Economía e Industria.





- Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- **Consellería do Medio Rural.**
- Consellería do Mar.

## Segundo. Estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril).

Este decreto, no seu artigo 11, establece que a **Consellería do Medio Rural** estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Dirección Xeral de Defensa do Monte.
3. Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
4. Dirección Xeral de Gandaría e Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
5. Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria.

Quedando **adscritos** á consellería:

- O organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria.
- O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- A Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

## Terceiro. Decreto de estrutura orgánica

A actual estrutura orgánica está establecida no **Decreto 148/2024, do 20 de maio**, polo que se modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Este Decreto 148/2024, do 20 de maio, levou consigo **creacións, modificacións e supresións** de órganos e unidades de inferior nivel.

## Cuarto. Decreto 223/2022, do 22 de decembro

O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, levou consigo **creacións, modificacións e amortizacións** de postos de traballo.





• **Creacións:** Secretaría Xeral Técnica

DENOMINACIÓN
• SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN DA EXTENSIÓN AGRARIA
○ SERVIZO DE COORDINACIÓN E DINAMIZACIÓN DA EXTENSIÓN AGRARIA

• **Modificacións:** Cambio de denominación

CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN ANTERIOR	NOVA DENOMINACIÓN
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA. SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO	<b>SERVIZO DE RECURSOS E RECLAMACIÓNS</b>	<b>SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO</b>
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	• <b>SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE FONDOS</b>  ○ <b>SERVIZO DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DO PDR</b>	• <b>SUBDIRECCIÓN XERAL DA PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE FONDOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL</b>  ○ <b>SERVIZO DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DOS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS</b>

• **Amortizacións**

Para o financiamento desta estrutura a consellería previa a amortización dos seguintes postos de traballo vacantes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CENTRO DE DESTINO	SUBG.	NIVEL
MR.C06.00.001.15770.014	XEFATURA SECCIÓN TOPOGRAFÍA	SUBDIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS (DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL)	A2 (Especial)	25
MR.C99.10.501.32001.021	INSPECTOR/A VETERINARIO DE APOIO	SERVIZO DE GANDARÍA (SERVIZOS PERIFÉRICOS- OURENSE)	A1 (ESV)	24
MR.C99.10.601.32001.012	XEFATURA DE SECCIÓN C	SERVIZO DE INDUSTRIAS, CALIDADE E CADEA AGROALIMENTARIA (SERVIZOS PERIFÉRICOS- OURENSE)	A1-A2 (EME4-ESE2)	22





**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS**

EME4	ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS - ESP. ENX. TÉCNICA AGRÍCOLA)
ESE2	ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. AGRÓNOMA)
ESV	ESPECIAL (ESC. VETERINARIOS)

• **Supresión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural**

O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, recolle a **supresión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural**, supresión supeditada á aprobación dos novos estatutos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Estes estatutos prevén, segundo recollen na memoria funcional correspondente, a adscrición á axencia dos órganos e unidades da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e dos servizos Territoriais competentes en materia de infraestruturas agrarias.

Contén unha disposición transitoria indicando que a **Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e a Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias**, reguladas no artigo 2.1 f), no artigo 24 e no artigo 25 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, **manterán a súa adscrición, competencias, estrutura e funcións** na forma indicada nos citados preceptos mentres non se aproben os novos estatutos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Recolle tamén que **nas xefaturas territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra manterase o Servizo de Infraestruturas Agrarias, que exercerá no respectivo ámbito territorial as funcións** da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural de acordo co disposto no artigo 26.3.c) do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, mentres non se aproben os novos estatutos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

**Quinto. Decreto 148/2024, do 20 de maio**

O Decreto 148/2024, do 20 de maio, levou consigo **creacións modificacións e supresións** de órganos e unidades de inferior nivel.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA		CAMBIOS	DETALLE
VICESECRETARÍA XERAL (CREACIÓN)		CREACIÓN SUPRESIÓN	VICESECRETARÍA XERAL (SUPRESIÓN)
	SERVIZO DE PERSOAL	CAMBIO DE DEPENDENCIA	ANTES: NA SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA
	SERVIZO DE RECURSOS E RECLAMACIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL	CAMBIO DE DEPENDENCIA	ANTES: NA SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA
	SERVIZO DE CALIDADE DE PROCEDEMENTOS E SISTEMAS	CAMBIO DE DEPENDENCIA	ANTES: NA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA (CREACIÓN)		CREACIÓN SUPRESIÓN	SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA (SUPRESIÓN)
	SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA	CAMBIO DE DEPENDENCIA	ANTES: NA VICESECRETARÍA XERAL
SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE FONDOS AGRARIOS		CAMBIO DE DENOMINACIÓN	ANTES: SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE FONDOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL





SECRETARÍA XERAL TÉCNICA		CAMBIOS	DETALLE
	SERVIZO DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DOS FONDOS AGRARIOS	CAMBIO DE DENOMINACIÓN	ANTES: SERVIZO DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DA PLANIFICACIÓN EXTRATÉXICA DOS PDR
	ASESORÍA XURÍDICA DE GANDARÍA, AGRICULTURA, CALIDADE, CADEA ALIMENTARIA E DA PAC	CAMBIO DE DENOMINACIÓN	ANTES: ASESORÍA XURÍDICA DE GANDARÍA, AGRICULTURA E CALIDADE ALIMENTARIA

DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS		CAMBIOS	DETALLE
	SUBDIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	CAMBIO DE DENOMINACIÓN	ANTES: SUBDIRECCIÓN XERAL DA CADEA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
		SUPRESIÓN	SERVIZO DE INDUSTRIALIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN

DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA (NOVA)		CAMBIOS	DETALLE
	SERVIZO DE AUDITORÍA INTERNA DA CADEA ALIMENTARIA	CAMBIO DE DEPENDENCIA	ANTES: NA DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
	SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN DA PAC, DA CADEA E CALIDADE ALIMENTARIA (CREACIÓN)	CREACIÓN	
	SERVIZO DA CADEA ALIMENTARIA E CONTROL DE PRÁCTICAS COMERCIAIS DESLEAIS	CAMBIO DE DEPENDENCIA	ANTES: NA SUBDIRECCIÓN XERAL DA CADEA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
	SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE ALIMENTARIA	CAMBIO DE DEPENDENCIA	ANTES: NA SUBDIRECCIÓN XERAL DA CADEA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

#### • Amortizacións

Para o financiamento desta modificación da estrutura suprimiuse a dotación orzamentaria do posto vacante con ocupación de Xefe/a de Servizo de Industrialización e Comercialización (CP MR.C05.00.003.15770.010) da Subdirección Xeral da Cadea e Industrias Agroalimentarias; posto que debe de ser amortizado mediante a tramitación da correspondente modificación da RPT.

#### • Extinción da Axencia Galega da Industria Forestal

A disposición adicional sexta do Decreto 49/2024, do 22 de abril, que fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia recolle que de acordo co procedemento establecido no artigo 44 do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, a **Axencia Galega da Industria Forestal extinguirase pola asunción dos seus fins e obxectivos pola Consellería de Economía e Industria** a través do correspondente órgano de dirección, que dependerá da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.

Mentres non se produza a extinción, esta axencia estará adscrita á Consellería de Economía e Industria.





- **Adscrición de persoal do FOGGA na Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria**

A disposición adicional segunda do proxecto de decreto recolle a integración na Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria o persoal que prestase servizos en materia de control das declaracións do leite, dos contratos do sector lácteo, o exercicio de actividades para un axeitado funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo e a análise e seguimento das problemáticas do sector lácteo e dos prezos do leite e a xestión do Sistema de información da cadea alimentaria nos sectores lácteo, vitícola e oleico. En consecuencia **prodúcense traslados** dende o FOGGA á Dirección Xeral da PAC e do control da Cadea Alimentaria.

## Sexto. Obxecto do informe

En primeiro lugar cómpre indicar que o Decreto 223/2022, do 22 de decembro (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro- correc. erros DOG núm. 12, do 18 de xaneiro) polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, non foi trasladado na súa totalidade á correspondente relación de postos de traballo para adaptala aos cambios de estrutura producidos por este decreto.

En consecuencia esta modificación da relación de postos de traballo non se formalizou antes da aprobación e entrada en vigor do Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, polo que levan a cabo, neste momento, este traslado efectivo.

- **Sexto.1**

Dito o anterior, o obxecto do presente informe é a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural co obxecto de, maiormente e segundo recollen na memoria funcional, adecuala a **cambios introducidos polo Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural** (DOG núm.101, do 27 de maio).

A presente modificación de postos contén ademais **outras actuacións funcionais e reorganizativas**:

- **Creacións de 7 postos** de traballo:
  - 1 posto de vicesecretario/a xeral
  - 3 postos de subdirector/a xeral
  - 1 posto de xefatura de servizo
  - 1 Inspector/a veterinario/a
  - 1 Xefe/a de grupo





- **Amortizacións** de **14 postos** de traballo:
  - 1 posto de vicesecretario/a xeral
  - 1 posto de subdirector/a xeral
  - 1 posto de xefatura de servizo
  - 4 postos de xefe/a territorial
  - 3 postos de xefatura de sección
  - 2 postos de inspector/a veterinario/a
  - 1 posto de xefatura de grupo
  - 1 posto de peón forestal
- **Modificacións** de **44 postos** de traballo (maiormente cambios de denominación e códigos de posto):
  - 2 postos de subdirector/a xeral
  - 9 postos de xefatura de servizo
  - 2 asesor/a xurídico/a
  - 1 posto secretario/a do/a asesor/a
  - 2 coordinador/a de área
  - 1 posto base subgrupo A1
  - 2 postos base subgrupo A1 (biólogos)
  - 15 postos de xefatura de sección
  - 9 postos de xefatura de negociado
  - 1 posto base subgrupo C2

• **Sexto.2**

**Supresión dos postos de xefe/a territorial** conforme a disposición adicional décimo segunda do *Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia* que recolle a **supresión das xefaturas territoriais e a asunción das competencias e funcións**, previstas nos vixentes decretos de estrutura orgánica de cada consellería e nas restantes normas aplicables, **polas direccións territoriais** previstas no artigo 11 do *Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia*; sen prexuízo da futura adaptación da indicada estrutura orgánica ás disposicións previstas neste decreto.







• **Sexto.3**

**Modificación dos complementos específicos** de varios postos de traballo de **Asesores/as xurídicos/as**. Modificación derivada da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (DOG núm. 251, do 31 de decembro): Medidas de homologación retributiva aplicables a determinadas escalas de persoal funcionario.

**Sétimo. Amortizacións, creacións e modificacións derivadas da adecuación da RPT aos Decretos de estrutura 223/2022 e 148/2024. Xefaturas territoriais**

- **Sétimo.1 Amortización** de postos vacantes sen ocupación derivada do **anterior Decreto 223/2022, do 22 de decembro**, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

CENTRO DESTINO	POSTO	SITUACIÓN DO POSTO
SX DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS (DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL)	XEFATURA SECCIÓN TOPOGRAFÍA MR.C06.00.001.15770.014	Vacante sen ocupación
SERVIZO DE GANDARÍA (SERVIZOS PERIFÉRICOS-OURENSE)	INSPECTOR/A VETERINARIO DE APOIO MR.C99.10.501.32001.021	Vacante sen ocupación
SERVIZO DE INDUSTRIAS, CALIDADE E CADEA AGROALIMENTARIA (SERVIZOS PERIFÉRICOS-(OURENSE)	XEFATURA DE SECCIÓN C MR.C99.10.601.32001.012	Vacante sen ocupación

- **Sétimo.2 Amortización** de postos vacantes sen ocupación de órganos suprimidos polo **actual Decreto 148/2024, do 20 de maio**, polo que modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural; e outros.

CENTRO DESTINO	POSTO	SUBG. (PROVISIÓN)	CORPO/ESCALA-ADSCR.ADM	NIVEL	OBSERVACIÓNS
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA					
VICESECRETARÍA XERAL	VICESECRETARÍO/A XERAL MR.C02.00.001.15770.001 (*)	A1 LD	XERAL/ESPECIAL A11	30	ÓRGANO ESTATÍSTICO SECTORIAL (DECRETO 24/2008)
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA	SUBDIRECTOR/A XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA MR.C02.00.002.15770.001 (*)	A1 LD	XERAL A11	30	
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS					
SUBDIRECCIÓN XERAL DA CADEA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS					
	XEFATURA DE SERVIZO DE INDUSTRIALIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN MR.C05.00.003.15770.010 (*)	A1-A2 CE	EME4 ESE2	28	







(\*) **Órganos suprimidos.** Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro.

A proposta deste decreto recollía estes órganos como modificacións doutros existentes, non obstante a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no seu informe do 20.05.2024, indicou:

- Vistas as novas funcións da Vicesecretaría Xeral, esta dirección xeral entende que estamos ante a **supresión deste órgano e a creación dunha nova Vicesecretaría Xeral.**
- Visto o cambio de denominación e as novas funcións da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, esta dirección xeral entende que estamos ante a **supresión deste órgano e a creación doutro novo, a Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria.**

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS**

**ESE2** ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. AGRONÓMA)

**EME4** ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS - ESP. ENX. TÉCNICA AGRÍCOLA)

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

**A11** ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.

- **Sétimo.3 Creacións** de postos derivados do anterior **Decreto 223/2022, do 22 de decembro**, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, cuxos órganos **mantéñense no actual Decreto 148/2024, do 20 de maio**, polo que modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural; e outros:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBG. (FORMA PROVISIÓN)	CORPO/ESCALA-ADSCR.ADM (AREA FUNCIONAL)	NIVEL	OBSERV.
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA					
SUB. XERAL DE PLANIFICACIÓN DA EXTENSIÓN AGRARIA	SUBDIRECTOR/A XERAL DE PLANIFICACIÓN DA EXTENSIÓN AGRARIA MR.C02.00.006.15770.001	A1 LD	XERAL/ESPECIAL A11	30	640
SUB. XERAL DE PLANIFICACIÓN DA EXTENSIÓN AGRARIA	XEFE/A SERVIZO DE COORDINACIÓN E DINAMIZACIÓN DA EXTENSIÓN AGRARIA MR.C02.00.006.15770.004	A1-A2 CE	ESE2/EME4 AXG	28	

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS**

**ESE2** ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. AGRONÓMA)

**EME4** ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS - ESP. ENX. TÉCNICA AGRÍCOLA)

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

**A11** ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS**

**640** PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).





- **Sétimo.4 Creacións** de postos de órganos derivados do **Decreto 148/2024, do 20 de maio**, polo que modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DO POSTO POSTO	SUBG. (PROVISIÓN)	NIVEL	CORPO/ESCALA-ADSCR.ADM (AREA FUNCIONAL)	OBSERVACIÓNS
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA					
VICESECRETARÍA XERAL	VICESECRETARIO/A XERAL MR.C02.00.001.15770.002 (*)	A1 LD	30	XERAL/ESPECIAL A11	640 ÓRGANO ESTADÍSTICO SECTORIAL (DECRETO 24/2008)
SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN ECONÓM. E ORZAMENT.	SUBDIRECTOR/A XERAL DE XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA MR.C02.00.002.15770.002 (*)	A1 LD	30	XERAL/ESPECIAL A11	640
DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA					
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN DA PAC, DA CADEA E CALIDADE ALIMENTARIA	SUBDIRECTOR/A XERAL DE COORDINACIÓN DA PAC, DA CADEA E CALIDADE ALIMENTARIA MR.C07.00.001.15770.001	A1 LD	30	XERAL/ESPECIAL A11	640

(\*) **Órganos creados.** Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro.

A proposta deste decreto recollía estes órganos como modificacións doutros existentes, non obstante a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de persoal no seu informe do 20.05.2024, indicou:

- Vistas as novas funcións da Vicesecretaría Xeral, esta dirección xeral entende que estamos ante a **supresión deste órgano e a creación dunha nova Vicesecretaría Xeral.**
- Visto o cambio de denominación e as novas funcións da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, esta dirección xeral entende que estamos ante a **supresión deste órgano e a creación doutro novo, a Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria.**

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

A11 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS**

640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).





- **Sétimo.5** Modificacións das **denominacións** de postos derivados do anterior **Decreto 223/2022, do 22 de decembro**, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, cuxos órganos mantéñense ou volven mudar no actual **Decreto 148/2024, do 20 de maio**, polo que modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

DENOMINACIÓN ANTERIOR	NOVA DENOMINACIÓN (DECRETO 223/2022)	NOVA DENOMINACIÓN (DECRETO 148/2024)
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA		
SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO	SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO	
<ul style="list-style-type: none"><li>SERVIZO DE <b>RECURSOS E RECLAMACIÓN</b> MR.C02.00.004.15770.010</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>SERVIZO <b>TÉCNICO XURÍDICO</b></li></ul>	=
SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE FONDOS MR.C02.00.005.15770.001	SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE FONDOS DE <b>DESENVOLVEMENTO RURAL</b>	SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE FONDOS <b>AGRARIOS</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>SERVIZO DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO <b>DO PDR</b> MR.C02.00.005.15770.002</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>SERVIZO DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO <b>DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DOS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>SERVIZO DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO <b>DOS FONDOS AGRARIOS</b></li></ul>

- **Sétimo.6** Modificacións de postos derivados do actual **Decreto 148/2024, do 20 de maio**, polo que modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Entre estas modificacións cómpre destacar as seguintes:

CENTRO DESTINO	POSTO (A MODIFICAR)	SUBGRUPO, NIVEL, F- PROV. ADS. ADMÓN	POSTO (MODIFICACIÓN PROPOSTA)	OBSERVACIÓNS (MODIFICACIÓN PROPOSTA)
ASESORÍA XURÍDICA DE GANDARÍA, AGRICULTURA, CALIDADE, CADEA ALIMENTARIA E DA PAC	ASESOR/A XURÍDICO/A DE GANDARÍA, AGRICULTURA E CALIDADE <b>ALIMENTARIA</b> MR.C02.00.006.15770.002	SUBGRUPOS: A1 NIVEL: 30 LIBRE DESIGNACIÓN XSL	ASESOR/A XURÍDICO/A DE GANDARÍA, AGRICULTURA, CALIDADE, <b>CADEA ALIMENTARIA E DA PAC</b> MR.C02.00.007.15770.002	
SUBDIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	SUBDIRECTOR/A XERAL <b>DA CADEA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS</b> MR.C05.00.003.15770.001	SUBGRUPOS: A1 NIVEL: 30 LIBRE DESIGNACIÓN XERAL/ESPECIAL	SUBDIRECTOR/A XERAL <b>DE INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS</b> MR.C05.00.003.15770.001	
DIRECCIÓN XERAL DA PAC E CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA (F.O.G.GA)	POSTO BASE SUBGRUPO A1 MR.O13.00.000.15770.002 (*)	SUBGRUPOS: A1 NIVEL: 20 XERAL	POSTO BASE SUBGRUPO A1 MR.C07.00.000.15770.002	
	POSTO BASE SUBGRUPO A1 MR.O13.00.000.15770.009 (*) (**)	SUBGRUPOS: A1 NIVEL: 20 ESPECIAL 2021 (Licenciado/a en <b>Biología</b> )	POSTO BASE SUBGRUPO A1 MR.C07.00.000.15770.009 ESC1 (especialidade <b>biología</b> )	<b>OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO</b>





(\*) Postos vacantes sen ocupación **trasladados dende o FOGGA**. Disposición adicional segunda do Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro.

(\*\*) Incardinamos o posto con requisito indispensable de titulación en posto do corpo, escala e/ou especialidade de acordo coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS**

XSL XERAL (ESCALA LETRADOS)

ESC1 ESPECIAL (ESC. CIENCIAS - ESP. BIOLOXÍA)

• **Sétimo.7** Supresión dos postos de xefe/a territorial

CENTRO DE DESTINO	POSTO	NIVEL PROVISIÓN	SUBG.
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA	XEFE/A TERRITORIAL MR.C99.10.000.15001.001	28 LD	A1-A2
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO	XEFE/A TERRITORIAL MR.C99.10.0002.7001.001	28 LD	A1-A2
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE	XEFE/A TERRITORIAL MR.C99.10.0003.2001.001	28 LD	A1-A2
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA	XEFE/A TERRITORIAL MR.C99.10.000.36001.001	28 LD	A1-A2

A disposición adicional décimo segunda do *Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia* recolle a **supresión das xefaturas territoriais e a asunción das competencias e funcións**, previstas nos vixentes decretos de estrutura orgánica de cada consellería e nas restantes normas aplicables, **polas direccións territoriais** previstas no artigo 11 do *Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia*; sen prexuízo da futura adaptación da indicada estrutura orgánica ás disposicións previstas neste decreto.

A disposición derradeira primeira deste mesmo decreto, modificou o artigo 11 do *Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia*, **recollendo neste artigo os departamentos territoriais**.

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, **modificou o número 2 do artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia**, indicando que son *órganos de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as secretarías xerais técnicas, as direccións xerais e equivalentes, as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais, as delegacións territoriais, as secretarías territoriais e os departamentos territoriais*.

Esta mesma lei **modificou tamén o número 1 da disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia** indicando que





*mentres non se desenvolva regulamentariamente o réxime xurídico específico do persoal directivo profesional funcionario de carreira conforme as previsións do capítulo II do título III, na Administración xeral terán a consideración de postos directivos as **vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais e as secretarías territoriais.***

## Oitavo. Outras actuacións funcionais e reorganizativas

### • Oitavo.1 Creacións

Forma parte, tamén desta proposta, a creación dos seguintes postos de traballo:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	GRUPO-SUBG. (FORMA PROVISIÓN)	CORPO/ESCALA- ADSCR.ADM (AREA FUNCIONAL)	NIVEL
OFICINA DA PASTORIZA	INSPECTOR/A VETERINARIO /A MR.C99.20.095.27430.001	A1 C	ESV	24
OFICINA DA PASTORIZA	XEFE/A DE GRUPO MR.C99.20.095.27430.002	C1-C2 C	XERAL	14

#### CÓDIGO - DESCRICIÓN DOS CORPOS/ESCALAS

ESV ESPECIAL (ESC. VETERINARIOS)

### • Oitavo.2 Amortizacións

Forma parte desta proposta a amortización dos seguintes postos **vacantes**.

CENTRO DE DESTINO	POSTO	GRUPO SUBG./CAT	NIVEL F. PROV
S. X. DE RECURSOS FORESTAIS	XEFATURA SECCIÓN MR.C04.00.001.15770.059	A1-A2	25 C
OFICINA DE VIVEIRO	XEFATURA GRUPO (VIVEIRO) MR.C99.20.073.27650.009	C1-C2	14 C
ÁREA DE VILALBA	INSPECTOR/A VETERINARIO/A DE APOIO MR.C99.20.090.27640.015	A1	24 C
DISTRITO FORESTAL: XVIII - VIGO - BAIXO MIÑO	PEÓN/OA FORESTAL MR.C99.50.180.36380.211	AP	13 C

- **Oitavo.3** Modificación derivada da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (DOG núm. 251, do 31 de decembro): **Medidas de homologación retributiva aplicables a determinadas escalas de persoal funcionario.**





Segundo a disposición adicional décimo quinta. un e dous da Lei 4/2024, do 27 de decembro:

*"Un. Atendendo a razóns de homologación retributiva, e tendo en conta as condición particulares dos postos de traballo derivadas da súa especial dificultade técnica, dedicación e responsabilidade, os complementos específicos dos postos de traballo de **nivel 30** de complemento de destino da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia, dependentes funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral, equipáranse economicamente aos complementos específicos dos postos de letrada e letrado de **nivel 30 de complemento de destino previstos na relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia.***

Como consecuencia desta disposición adicional homologan as retribucións aos seguintes postos Consellería do Medio Rural:

	CENTRO DE DESTINO (novo)	POSTO (novo)	NIVEL	COMPLEMENTO O ESPECÍFICO (anterior)	COMPLEMENTO ESPECÍFICO (novo)
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA					
	ASESORÍA XURÍDICA DE GANDARÍA, AGRICULTURA, CALIDADE, CADEA ALIMENTARIA E DA PAC	ASESOR/A XURÍDICO/A DE GANDARÍA, AGRICULTURA, CALIDADE, CADEA ALIMENTARIA E DA PAC MR.C02.00.007.15770.002	30	25.159,68	30.193,94
	ASESORÍA XURÍDICA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E MONTES	ASESOR/A XURÍDICO/A DESENVOLVEMENTO RURAL E MONTES MR.C02.00.008.15770.001	30	25.159,68	30.193,94

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS**

XSL XERAL (ESCALA LETRADOS)

**Noveno. Actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal**

Das actuacións realizadas por esta Dirección xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, **cómpre a retirada da observación** nos seguintes postos de traballo por non estar ocupados polas persoas que motivaron esa circunstancia, quedando como segue:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	ADMÓN	OBSERVACIÓNS (A ELIMINAR)
AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA (AGACAL)	MR.A11.30.003.15010.040 POSTO BASE SUBGRUPO C1	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO
	MR.A11.29.003.36480.025 POSTO BASE SUBGRUPO C2	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS (A CORUÑA)	MR.C99.10.301.15001.030 XEFATURA GRUPO	XERAL	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL FIXO (DT 11ª DA LEI 4/1988, DO 26 DE MAIO)
SERVIZOS PERIFÉRICOS OFICINA DE PADRÓN	MR.C99.20.043.15640.012 POSTO BASE SUBGRUPO C2 (PADRÓN)	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO





CENTRO DE DESTINO	POSTO	ADMÓN	OBSERVACIÓNS (A ELIMINAR)
SERVIZOS PERIFÉRICOS OFICINA DE RIBEIRA	MR.C99.20.044.15720.006 POSTO BASE SUBGRUPO C2 (RIBEIRA)	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MR.C99.10.000.27001.012 POSTO BASE SUBGRUPO A1	XERAL	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MR.C99.10.000.27001.047 POSTO BASE SUBGRUPO C2	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MR.C99.10.000.27001.061 POSTO BASE SUBGRUPO C2	XERAL	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MR.C99.10.000.27001.062 POSTO BASE SUBGRUPO C2	XERAL	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS OFICINA DE RIBADEO	MR.C99.20.074.27500.010 POSTO BASE SUBGRUPO C2 (RIBADEO)	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS COMARCA FORESTAL: CHANTADA	MR.C99.50.082.27160.002 POSTO BASE SUBGRUPO C2	XERAL	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL FIXO (DT 11ª DA LEI 4/1988, DO 26 DE MAIO)
SERVIZOS PERIFÉRICOS XEFATURA TERRITORIAL OURENSE	MR.C99.10.000.32001.037 XEFATURA NEGOCIADO	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS OFICINA DO BARCO DE VALDEORRAS	MR.C99.20.111.32090.015 POSTO BASE SUBGRUPO C2 (O BARCO)	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS OFICINA DE VERÍN	MR.C99.20.121.32840.013 POSTO BASE SUBGRUPO C2 (VERÍN)	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	MR.C99.10.000.36001.023 POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME4	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	MR.C99.10.000.36001.025 POSTO BASE SUBGRUPO A2	EME3	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
SERVIZOS PERIFÉRICOS XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	MR.C99.10.000.36001.043 POSTO BASE SUBGRUPO C2	XERAL	OCUPADO LABORAL FIXO

### Décimo. Postos de libre designación

O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que soamente se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

Así mesmo, o artigo 91 da dita norma, establece que as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas







especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

- **Décimo.1**

Esta proposta de modificación de RPT, inclúe a **recodificación** do posto de xefe/a do Servizo de Auditoría Interna na Cadea Alimentaria, que pasa de depender directamente do/a Director/a xeral de Gandaría, Agricultura Industrias Agroalimentarias, a **depende directamente do/a Director/a xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria**,

CÓDIGO DO POSTO	POSTO	CRITERIO
MR.C07.00.000.15770.010	XEFE/A DO SERVIZO DE AUDITORÍA INTERNA NA CADEA ALIMENTARIA	Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia: asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.

Estas excepcións determínanse polas funcións que estes postos desenvolven que evidencia o cumprimento dalgún dos criterios ou atribucións dos recollidos na *Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcións e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG nº 44 do 4 de marzo):

- **XEFE/A DO SERVIZO DE AUDITORÍA INTERNA NA CADEA ALIMENTARIA**

Segundo recollen na memoria funcional correspondente, a xustificación da cobertura deste posto polo sistema de libre designación vén determinada por *"depende directamente dun alto cargo, o que determina a aplicación do criterio de excepcións previsto na Instrución Cuarta núm. 1.2 da Resolución da D.X. de Función Pública do 25 de febreiro de 2016"*

- **Décimo.2**

- **XEFATURA SERVIZO CALIDADE PROCEDIMENTOS E SISTEMAS**

Segundo recollen na memoria funcional correspondente, a xustificación da cobertura deste posto polo sistema de libre designación vén determinada por: *"categoría dos datos persoais xestionados na Consellería do Medio Rural, ademais dos datos ordinarios de calquera das consellerías da Xunta se tratan datos das persoas, físicas e xurídicas, que son solicitantes de axudas e dos procedementos directamente vencellados á obtención destas. Neste grupo, son datos cun nivel de sensibilidade e criticidade medio-alto, pois ademais dos datos persoais, trátanse datos dos bens dos que dispoñen, do tipo de actividade profesional que realiza, da súa produción e da súa situación fronte a Seguridade Social e as facendas estatais e autonómicas"*.





*Polas razón expostas nos parágrafos anteriores considérase que o posto cumpre co criterio de excepcionalidade establecido no punto 5.1 da Resolución da entón denominada Dirección Xeral de Función Pública do 25 de febreiro de 2016, pois o posto leva consigo responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais de niveis medio e alto segundo a clasificación establecida nas Páxina 4 / 20 apartados 2 e 3 do artigo 81 do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. Na actual Relación de Postos de Traballo, o posto indicado xa ten como forma de provisión a libre designación.*

**En relación á xustificación indicada, cómpre ter en conta o recollido no artigo 74.ñ da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, sobre os deberes e código de conduta dos empregados públicos no ámbito de aplicación desta lei o "Gardar segredo sobre as materias clasificadas e as demais de difusión prohibida legalmente, e manter a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, o que implica non facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público".**

En consecuencia, esta dirección xeral entende que o posto de **XEFATURA SERVIZO CALIDADE PROCEDEMENTOS E SISTEMAS** debe de contar co sistema de provisión por concurso específico e non por libre designación.

## CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais contidas na proposta sometida a informe este centro directivo, **INFORMA FAVORABLEMENTE** á modificación da relación de postos de traballo da **Consellería de Medio Rural**.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

A directora Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

